



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Expt.: 2/10-C

En data 9.08.2010 a Alcaldía ditou Resolución que na súa parte dispositiva é como segue:

“Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar provisionalmente este contrato.

Segundo.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “CENTRO SOCIOCULTURAL” á empresa SIEC, S.L., co CIF n.º B36534592, e domicilio na rúa Ponte Bora n.º 24, de Pontevedra (CP 36154), polo importe de 932.408,62 € máis o IVE (18%) por importe de 167.833,55 €, que fan un importe total de 1.100.242,17 €, e coas seguintes condicións:

- N.º de traballadores desempregados a contratar: 5
- N.º de traballadores desempregados de longa duración a contratar: 4
- Prazo de execución: 10 meses
- Incrementa o prazo de garantía en 120 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no proxecto, co que o prazo total de garantía é de 132 meses.
- Incrementa a aportación ao control de calidade externo na porcentaxe do 2% pasando do 1% fixado no proxecto, ao 3%.
- Cobertura responsabilidade civil por importe de 1.500.000 €.
- Melloras: as descritas na súa oferta cuxo orzamento de execución material ascende á cantidade de 147.222,41 €.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto aprobado por Resolución desta Alcaldía de data 31.05.2010 e a oferta achegada pola empresa.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao adxudicatario que deberá, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste acordo no perfil do contratante, cumprir cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello de Cangas.
- Xustificante de ter aboado os gastos de publicación do anuncio de licitación que ascenden a 869,12 € e que poderá facer efectivo no n.º de conta que se indica: 2080 0022 01 0040008938.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Cuarto.- Notificar este acordo a tódolos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Quinto.- Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante

Sexto: Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión a efectos da súa ratificación.”

O que se fai público aos efectos oportunos.

PERFIL DO CONTRATANTE